


ANA M^ª. BALLESTEROS ÁLVAREZ

Barcelona, 1971.

Licenciada en Belas Artes, especialidade de escultura, é profesora de secundaria no Colexio Escolápias de Olesa de Monserrat, en Barcelona. Realizou os cursos de doutoramento centrando os seus traballos de investigación no estudo dos cruceiros.

Ten colaborado coa empresa Ceo Alberto S.L. e co Concello de Sant Andreu de la Barca creando ilustracións para publicacións de diversa índole (trípticos, catálogos, logotipos...).



Cruceiro de Filgueira



Texto: **Ana M^a Ballesteros Álvarez**
Ilustracións: **Ana M^a Ballesteros Álvarez**
CASTELAO. "As Cruces de pedra na Galiza"

OS CRUCEIROS

*"O encontro co misterioso é a
experiencia máis fermosa,
é a orixen da ciencia."*

Einstein.

¿Que mensaxe oculta durme nas pedras da Galiza? Por toda a xeografía galega existe unha simboloxía: o pensamento dos galegos de outros tempos cristalizado nas pedras. Nelas perduran coñecimentos e claves herméticas, perpetuadas por médio da escritura máis antiga e universal: os símbolos.

A mensaxe transcendental segue viva entre as pedras deste mundo insólito, máxico e descoñecido dun país "detido" no tempo; que parece durmir o seu *sono de pedra* e que espera cumprir o que cantou o poeta:

Desperta do teu sono, fogar de Breogán.


Na mitoloxía popular galega fecundísima e extensa e de profundas raíces no corazón do campesiño, o home do campo, apegado ás tradicións, anima e personifica canto o rodea ou con el se relaciona: as chuvias, os

ventos, os ríos, as árbores ou as pedras falan da súa imaxinación. O cemitério, as paraxes solitarias, as encrucilladas, están para el povoados de entes animados.

O culto das pedras aparece documentado desde a prehistoria. Sen embargo é necesario dicir que a veneración actual das pedras non é todo herdanza antiga: na imaxinación popular hai un fondo temeroso de superstición inagotábel, de vivencias, conceptos e predisposicións míticas abundante, que aínda actúan sobre unha parte do pensamento colectivo.


O culto megalítico aos mortos seguiu latendo na Península e é sabido que no Bronce e no Ferro respectaron e aproveitaron as sepulturas anteriores. Documentos cristianos do Medievo falan contra o costume pagano de durmir sobre os túmulos dos sepulcros megalíticos, e os textos galegos mencionan a meudo a

**A vara coroa-se sempre
cun capitel que abarca
desde o máis simple até o
máis complicado na arte
da pedra.**



Castelao:

"As cruces de pedra na Galiza"



*Cruceiro da
"Virxen do Camiño"*

petra de cruce, alusión clara ao menhir cristianizado.

A acción de cristianizar os monumentos megalíticos tivo o seu maior apoxeo na época medieval, xa que eran considerados restos dun paganismo ancestral. Moitos deles foron destruídos, e outros bendicidos, adaptando-os aos fins da nova fe. Isto último é o que debeu ocorrer con moitos dos menhires que, en maos de canteiros pagados pola Igrexa, deberon de se converter en cruceiros. Precisamente, moitos destes monumentos da arte popular

soen atopar-se en cruces de camiños, xusto onde anteriormente levantaran os menhires que sinalarían o comezo dun camiño iniciático ou o lugar de reunión para celebrar determinados rituais máxicos.

"O culto dos camiños xa se desvaneceu na memoria das xentes, pero é imposible que en ningunha parte do mundo garden as encrucilladas un aroma de misterio tan puxante como en terras galaicas e demais países celtas. A permanencia do culto vial ten seguramente a súa orixe autóctona, anque os seus deuses morreron avasallados polos númenes romanos. As calzadas militares de Roma enguliron a vida dos camiños galegos, e por elas entrou a morte con ropaxes diferentes"¹.

Como vestixios deste culto se teñen que considerar os **cruceiros** que se erguen nas encrucilladas galegas e tamén os montóns de pedras, chamadas **amilladoiros**, formadas a través do tempo polo pelegríns de certas romarías e polos camiñantes que percorren determinados camiños. Non hai outro territorio hispánico que conte con tantas cruces de pedra, sendo digno de destacar que a área de maior densidade corresponde á área de maior

densidade das dedicadas aos espíritos romanos dos camiños.

Os cruceiros galegos naceron da cruz plantada acima dos miliários ou menhires para cristianizalos; o miliário sinalaba as rotas aos homes do Império Romano; este mesmo cristianizado sinalaría as do pelegrín.

Aquí naceron as cruces de pelegrín que ao mesmo tempo que cumprían unha función espiritual, tiñan que servir para que á súa beira poidesen descansar, limpar-se e tomar alento os homes que se acollían ao pé da cruz. Desta necesidade xurdiron os escalóns ao pé das cruces e con isto naceu un dos elementos típicos dos cruceiros.

Os **cruceiros** —ou *Cres al Vent* como os denomina Albert Bastardes— son monumentos ligados á paisaxe e á alma que despertan a saudade dos galegos.




Capitel cruceiro de Beade

¹ *As cruces de pedra na Galiza*, Alfonso D. Rodríguez Castelao, Ed. Buenos Aires, 1949, páx. 75.

Este sinxelo e piadoso monumento, para que o sexa, ten que constar de cinco elementos principais: levantar-se sobre **gradas**, por riba destas se asenta o **basamento**, ordinariamente cuadrangular, na maioría das veces atopa-se decorado con baixorrelevos en algunha das súas caras e noutras o nome do que o sufragou e o motivo da súa construción. Sobre o basamento levanta-se o esbelto **fuste**, chamado "varal" ou "vara". Adorna-se case sempre con imaxes de devoción popular, chamados "santiños", e noutros casos se representa o drama do paraíso.

A vara coroa-se sempre cun **capitel** que abarca desde o

O basamento na maioría das veces atopa-se decorado con baixorrelevos en algunha das súas caras.



Cortes
Rianxo

Castelao:
"As cruces de pedra na Galiza"

Sobre o basamento levanta-se o esbelto fuste, chamado "varal" ou "vara". Adorna-se case sempre con imaxes de devoción popular, chamados "santiños", e noutros casos se representa o drama do paraíso.

máis simple até o máis complicado na arte da pedra; sobre esta esbelta armadura ten que se poñer como digno remate a **cruz**, que é a xolla artificial do cruceiro, no que se representa o anverso a Cristo Crucificado e no reverso á Virxen en moitas das súas advocacións, especialmente a das Dores.

Tomando como referencia os estudos realizados por Castelao e polo observado nos cruceiros que marcan máxicamente os camiños, encrucilladas e aldeas dunha parte de Ourense e Pontevedra podemos detallar as diferentes partes dun cruceiro:


BASE

Comprende-se de dous elementos:

- plataforma
- pedestal

Plataforma: composta por escalóns de sillería.

Pedestal: non é simplemente a base dunha columna, senón a



Mourente
Pontevedra

Castelao: "As cruces de pedra na Galiza"

referencia arcaica aos monolitos nos que se clavaban as primeiras cruces do camiño. Está tallado nun só bloque e pode ter varias feitura. Ás veces se observan representacións simbólicas nas que predominan o sentimento da morte e o pecado reflectidos nunha calavera e nunha serpe.

Moitos cruceiros situados nos aldeanos de igrexas, teñen ao pé do basamento unha mesa de pedra na que poder apoiar aos santos nas procesións ou aos mortos no camiño ao cemitério como lugar de descanso e oración pola alma



Castelao: "As cruces de pedra na Galiza"

que morreu; ese alma que reposa na pedra buscando o espírito que a acolla.

No sul de Galiza pode ver-se o "Retábulo de Ánimas" na base, co seu correspondente peto para recoller esmola.

FUSTE E CAPITEL

Envolvendo esta forma pétreo, octogonal e cilíndrica, atopamos esculpido, a meudo, elementos representativos das crências que xa na cultura megalítica aparecen como símbolos da alma: a serpe, ás veces acompañada pola calavera (morte). Tamén

En algúns se atopa unha curiosa particularidade: as dúas maos de Cristo mostran os dedos en postura de bendicir á maneira latina, cos dedos índice e medio estendidos.

figuran en algúns fustes instrumentos da Paixón, a escaleira, as tanazas, o martelo... propios xa da fe cristiana.

O capitel que coroa o fuste non ten normalmente un estilo determinado, ás veces parece xónico, con volutas nas esquinas; pero en xeral son de feitura circular ou cuadrangular. É estrano que o fuste non estexa rematado polo capitel no que non faltan motivos simbólicos que se relacionan coas figuras da cruz. Nalgúns dos cruceiros obxecto de estudo se representa unha calavera xunto á Crucifixión (morte) e un sol ao lado da Virxen con querubíns a ambos lados.

Actualmente algúns destes cruceiros de pequenas aldeas están alumeados eléctricamente no lugar dos farois de aceite empregados antigamente.

Sen embargo, dos cruceiros observados na zona de Ourense nengún deles ten esculturas nen representacións simbólicas no fuste, mentras que os capiteis son de moi diversas formas e con ornamentacións moi diferentes. Polo xeral, os que posúen na cruz esculturas da Virxen e de Xesús Cristo, presentan un capitel con máis ornamentación: follas de acanto, volutas, rostros de anxos, rosas..., mentras que os que

posúen unha cruz sinxela mostran un capitel sinxelo, ás veces con volutas ou algún tipo de folla.

CRUZ: CRISTO E VIRXEN

A parte máis importante do cruceiro é a **crúz**, que adopta formas moi variadas (ortogonal, nudosa...), como variado acostuma ser tamén o tipo de remate (florezado, bicurdado...).

No anverso se representa a Cristo Crucificado, sempre con tres clavos á maneira renacentista, o pé dereito sobre o esquerdo, a cabeza inclinada cara a dereita e con estilizacións diversas. En algúns se atopa unha curiosa particularidade: as dúas maos de Cristo mostran os dedos en postura de bendicir á maneira latina, cos dedos índice e medio estendidos. Esta postura pode representar o perdón que Cristo nos concedeu no momento da súa morte. Baixo Cristo, servíndolle de apoio, pode aparecer unha calavera, soa ou asociada a unha serpe.

Se ben o máis frecuente é que Cristo estexa só, ás veces acompaña-no outros personaxes: a Virxen e San Xoan, é dicir, un Calvário, escena que aparece con frecuencia nas obras máis antigas, as góticas, máis raramente posteriores, un anxo que recolle nun cáliz o sangue que brota da ferida do costado de Cristo, ou San Francisco.

Polo que respecta ao reverso da cruz, anque pode aparecer sen representación, o máis normal é que a teña. Ás veces se mostra algún santo (San Francisco, sobre todo); sen embargo, o

O reverso é o lugar tradicional reservado para María, que case sempre se apoia nunha peana, simple ou constituída por un ou máis querubíns alados.

reverso é o lugar tradicional reservado para María, que case sempre se apoia nunha peana, simple ou constituída por un ou máis querubíns alados.

As representacións da iconografía mariana pode-se dividir en dous ciclos: o gozoso e o doloroso. No primeiro se incluían as seguintes: a Virxen co Neno en brazos, a Inmaculada, A Virxe do Socorro, a loita co Demo, e a coroación da Virxe.

O segundo ciclo é o que suma un maior número de representacións. Nel incluíriáanse: a Dolorosa, a Virxen das Angustias e, sobre todo, a Piedade.

Esta última é a imaxen que aparece máis veces. Sempre posúe forma romboidal, que ven dada pola silueta de María. Nese esquema se inscribe a figura de Cristo, que representa unha grande variedade de posturas. Na Galiza, o tamaño de Cristo é sempre inferior ao da Virxe.

Esta anomalía probabelmente se deba a factores de tipo estritamente técnico, material. A proporcionalidade dos tamaños obrigaría a ampliar a base do grupo, o que redundaría en perxuizo do equilibrio e estabilidade do cruceiro.




Castelao:

“As cruces de pedra na Galiza”

Tamén se realizaron en Galiza Calvários con tres cruces, pero case sempre simples, sen figuras, ou en todo caso, só coa de Cristo. Hai, non obstante, dous exemplos nos que as tres cruces posúen representación (Bueu e Beade).

Por último hai un tipo orixinal de cruceiro: de “capeliña” ou de “Loreto”, caracterizado pola presenza dunha pequena capela, que constitúe o capitel, ocupado por unha imaxen da Virxe. Segundo Castelao, os máis antigos son do s. XVI, sen embargo teñen-se atopado exemplares datados no s. XV.




Tamén se realizaron en Galiza Calvários con tres cruces, pero case sempre simples, sen figuras. Hai, non obstante, dous exemplos nos que as tres cruces posúen representación (Bueu e Beade).

Castelao: *"As cruces de pedra na Galiza"*

Un factor importante en todos eles o constitúe a policromía, sempre de cores estridentes. Pero cada vez é menos frecuente. A penetración de ideas procedentes dos medios urbanos cultos, en

especial a da valoración do material (Granito), é a responsable da perda progresiva dese costume.



Taragoña



Bouzas



Carril



Salcedo



Marcón

Castelao: "As cruces de pedra na Galiza"

Se ben o máis frecuente é que Cristo estexa só, ás veces acompaña-no outros personaxes: a Virxe...

O cruceiro é na Galiza unha obra de arte e un lugar de culto: nel se combina a relixión (cristiana) e a máxica, as créncias e a tradición.

Observar e estudar a arte deste belo monumento galego foi realmente interesante pero... creo que non se pode separar do seu contexto popular, da riqueza de cultura "do povo enxebre" que emanou e emana da historia do povo galego.

A cultura popular –conxunto de créncias, ritos, métodos de traballo, produción literaria ou artística- é a tradición "viva".

A xente de aldea, os "non estudados", posúen unha cultura non escrita, non escolar, que non é propiamente inferior (sobre todo no relativo á súa orixe) senón antiga, e, por se-lo, teñen valores propios equivalentes, noutro orde de cousas, aos da nosa cultura moderna, e que a fan digna de ser conservada, polo menos no recordo.

O povo galego non é máis que un portador inconsciente dun mundo non cristiano. A cultura tradicional galega é, no fundamental, unha cultura cristiana de corte medieval de orixe eclesiástico, predominantemente monacal que conservou, incrustados unhas veces, asumidos e incorporados

outras, gran cantidade de elementos antigos, e conserva ese carácter, en boa parte, até hoxe.

Sen embargo, parece que nen o Renacemento, nen a Ilustración –movimento de carácter erudito e antipopular– foron quen de penetrar nos médios rurais. Estes movementos tiñan certo desprezo ao “vulgo profano”, que trouxo un divórcio entre a cultura erudita e a cultura popular. As influencias dos cambios culturais do s. XIX e parte do XX parece que obran en contra da tradición.

De aí o interese polo coñecemento do cruceiro en toda a súa integridade, o que é como obra artística e o que conleva de tradición e máxia .

Os cruceiros son os monumentos máis sobresaíntes da arte popular galega.

